



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 22 DE  
OUTUBRO DO ANO DOUS MIL QUINCE.**

**ASISTEN**

**PRESIDENTE**

**D. Pablo José Taboada Camoira . ( PP )**

---

**CONCELLEIROS**

**D. Amando Sande Agra. ( PP )**

**D<sup>a</sup>. Alba Villasante Torres. ( PP )**

**D. José Ramón García Vázquez. ( PP )**

**D. Jesús Fandiño Sánchez ( PP )**

**D. Horacio Rouco Ferro. ( PSG-PSOE )**

**D. José Ramón López Bruzos. ( PSG-PSOE )**

**D<sup>a</sup>. Noelia Vázquez Paredes. ( PSG-PSOE )**

**D. José Sabino Prieto Vázquez. ( PSG-PSOE )**

**SECRETARIO-INTERVENTOR**

**D. Iván Ponte Mahía.**

**Faltan ó inicio da sesión os concelleiros D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira ( PP ) e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Aurora Vila Agra ( PP ), os cales se incorporaron posteriormente ( dase conta polo Secretario do momento da súa incorporación ó longo da presente acta ).**





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

Sendo as catorce horas do día vintedous de outubro do ano dous mil quince, reúnen-se no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario – Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fé do acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión co seguinte orde do día :

**PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2015 E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2015.**

O Sr. Alcalde- Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria de data 10 de setembro de 2015 e á acta da sesión extraordinaria de 2015.

O Sr. López Bruzos manifesta que non está de acordo coa transcripción da acta do día 10 de setembro cando se refire ó contido da acta da sesión de organización celebrada o día 1 de xullo porque, na súa opinión, non dixo o que aparece en dita acta. Por tanto, reclama que dita alegación esté presente na redacción da acta da presente sesión ós efectos oportunos.

Ante a ausencia de máis alegacións ó acta da sesión organizativa do Pleno celebrada o día 1 de xullo, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos 5 concelleiros do grupo municipal do PP e coa abstención dos 4 concelleiros do grupo municipal do PSOE, acordou aprobar, por maioría absoluta dos membros presentes, a acta da sesión ordinaria de data 10 de setembro de 2015 e por unanimidade dos membros presentes no Pleno, a acta da sesión extraordinaria de 2015.

**PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.**

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 313 ó 348 do ano 2015, tamén ambos incluídos.





## **PUNTO TERCEIRO.- EXAME E APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE VARIOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS MUNICIPAIS DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS.**

O Sr. Alcalde comeza este punto da orde do día explicando o contido da proposta de alcaldía que literalmente establece o seguinte:

### ***“Asunto: Modificación de varios expedientes de ordenanzas municipais***

*Esta Alcaldía considera que se cumpren todos os requisitos necesarios contidos na normativa en vigor para proceder a modificación das tarifas e cuotas fixadas nas seguintes ordenanzas municipais, mediante o incremento das mesmas nun 2% respecto das establecidas ata o día de hoxe, propoñendo o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos.*

***Primeiro.*** *Aprobar inicialmente a modificación das tarifas e cuotas fixadas nas seguintes ordenanzas municipais, mediante o incremento das mesmas nun 2%:*

- *Ordenanza municipal reguladora da taxa sobre limpeza e ornato das vías e espazos públicos*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa sobre licenza de auto-taxi*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa sobre outorgamento de licenza de apertura de establecementos.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por licenza urbanísticas.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por expedición de documentos.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de voo, so e subsolo de vías públicas.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por apertura de zanxas calicatas e cals en terreos de uso público, así como remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa..*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercancías, materiais de construción, rebos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por venda ambulante.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa de bados.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por expedición de licenza de animais perigosos.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos.*





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

- *Ordenanza municipal reguladora do prezo publico por emisión de anuncios en Radio Palas*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por protección de camiños rurais en vías publicas do municipio.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por participación en talleres culturais, escolas deportivas, e recreativas.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa abastecemento de auga*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por saneamento.*
- *Ordenanza municipal reguladora da taxa por recollida de lizo en zona rural.*

**Segundo.** *Dar ós expedientes as tramitacións e publicidade preceptiva, mediante exposición dos mesmos no taboeiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia por prazo de trinta días, no que os interesados poderán examinalos e plantexar reclamacións se así o estiman oportuno.*


**Terceiro.** *Considerar, no suposto en que non se presentasen reclamacións que este acordo é definitivo.”*

O Sr. Alcalde afirma que a subida do 2% das taxas e prezos públicos que se trae a Pleno supón unha actualización dos prezos das taxas tendo en conta o IPC acumulado dos últimos catro anos e tendo en conta que durante eses anos, este equipo de goberno non modificou ditos prezos cando o IPC subía un 2% ou 3% anual.

Neste momento, incorpórase á sesión plenaria a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dona Aurora Vila Agra.

O Sr. Rouco Ferro afirma que o seu grupo vai votar que non á suba das taxas e prezos públicos nun 2% xa que se trata dunha subida que, en parte, é obrigatoria porque o Concello está sometido a un plan económico- financeiro que nos obriga a subir as taxas un 1% e por outro lado, por se non fora pouco, o equipo de goberno aínda sube as taxas de maneira voluntaria outro 1%. Tamén pregunta ó Sr. Secretario se o Concello pode cobrar por emitir anuncios publicitarios na radio, contestando éste que sí xa que se trata dun prezo público regulado nunha ordenanza fiscal debidamente aprobada no seu momento.

O Sr. Alcalde considera que se trata dunha subida de taxas e prezos públicos que é testimonial e simbólica xa que non significa máis de 3.000,00 euros ó ano para o Concello e que simplemente se trata dunha actualización de ditos taxas ó IPC dos últimos catro anos, onde o concello, debido a crise económica, decidiu non subir ditos taxas. Afirma que durante estes anos de grave crise económica, o equipo de goberno do Concello non só non subiu as taxas e prezos públicos senón que baixou a taxa da auga.





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

baixou o IBI urbano do 0,66% ó 0,60%, mantivo a cero o imposto da plusvalía e decidiu conxelar a taxa de basuras, a pesar de que a suba do canon de SOGAMA foi do 34%. Ademais o Sr. Alcalde manifesta que o Concello de Palas de Rei segue a ter unha carga fiscal moi baixa en comparación con outros concellos da comarca e, a modo de exemplo, expón que na taxa de basuras, mentres en Palas de Rei se paga 41,00 euros, noutros concellos da comarca págase moito máis ( 97,00 euros en Friol, 68,00 euros en Monterroso, e algo parecido en Melide ) a pesar de que o servizo custa moito máis en Palas de Rei pola súa extensión que en Monterroso ou Melide.

O Sr. López Bruzos afirma que se a suba dos prezos públicos e das taxas só vai supoñer 3.000,00 euros para o Concello, non merece a pena esta suba posto que vai supoñer moi pouco para o Concello e pode supoñer un esforzo para o contribuinte.

O Sr. Alcalde contesta que o equipo de goberno está, entre outras cousas, para defender as finanzas do Concello e considera que, despois de estar 4 anos baixando e conxelando os impostos, subir as taxas e prezos públicos un 2% é algo anecdótico. Ademais afirma que o Concello ten a obriga de adaptar as taxas e prezos públicos á suba da vida e á realidade actual coa finalidade de que os servizos públicos se autofinancien.

O Sr. López Bruzos considera que con esta suba, o Concello vai gastar máis en persoal e en papel que o que vai a recaudar de mais por esta suba. Por outro lado afirma que ese non é o camiño axeitado para evitar que a xente se vaia de Palas de Rei. Afirma que a realidade do rural en nada ten que ver coa realidade das cidades e conclúe que a solución do Concello de Palas de Rei non é subir impostos, taxas e prezos públicos. Por último considera que existen outros medios para facilitar que a xente veña a vivir a Palas de Rei xa que, segundo a súa opinión, o principal problema deste Concello é que perde poboación a marchas forzadas e iso non se vai solucionar con subidas de impostos senón que se deben adoptar outras medidas que teñan como fin último que vivir en Palas de Rei saia moito máis barato que nas cidades.

O Sr. Alcalde contesta que a única realidade que hai é que no Concello de Palas de Rei os veciños pagan menos impostos e tributos que en calquera cidade de Galicia e que na maioría dos municipios da comarca.

Neste momento, incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do grupo municipal do PP, D. Fernando Pensado Barbeira.

Ante a ausencia de máis debate, o Pleno, cos votos a favor dos 7 concelleiros do PP e co voto en contra dos 4 concelleiros do PSG-PSOE, e por tanto por maioría absoluta dos membros presentes no Pleno, **ACORDA:**





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**Primeiro.** Aprobar inicialmente a modificación das tarifas e cuotas fixadas nas seguintes ordenanzas municipais, mediante o incremento das mesmas nun 2%:

- Ordenanza municipal reguladora da taxa sobre limpeza e ornato das vías e espazos públicos
- Ordenanza municipal reguladora da taxa sobre licenza de auto-taxi
- Ordenanza municipal reguladora da taxa sobre outorgamento de licenza de apertura de establecementos.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por licenza urbanísticas.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por expedición de documentos.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de voo, so e subsolo de vías públicas.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por apertura de zanzas calicatas e calas en terreos de uso público, así como remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa..
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercancías, materiais de construción, rebos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por venda ambulante.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa de bados.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por expedición de licenza de animais perigosos.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos.
- Ordenanza municipal reguladora do prezo público por emisión de anuncios en Radio Palas
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por protección de camiños rurais en vías públicas do municipio.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por participación en talleres culturais, escolas deportivas, e recreativas.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa abastecemento de auga
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por saneamento.
- Ordenanza municipal reguladora da taxa por recollida de lixo en zona rural



**Segundo.** Dar ós expedientes as tramitacións e publicidade preceptiva, mediante exposición dos mesmos no taboeiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia por prazo de trinta días, no que os interesados poderán examinalos e plantexar reclamacións se así o estiman oportuno.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**Terceiro.** Considerar, no suposto en que non se presentasen reclamacións que este acordo é definitivo.

**PUNTO CUARTO.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DO PROXECTO “PAZO DE LAIA- RESORT-SPA”.**

O Sr. Alcalde comeza este punto da orde do día explicando o contido da proposta de alcaldía que literalmente establece o seguinte:

**“Asunto: EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDAD MUNICIPAL DO PROXECTO: “PAZO DE LAIA- Resort-Spa.**

*Vista a solicitude de recoñecemento da bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras por teren a construcións, instalacións ou obras a declaración de interese xeral ou utilidade municipal, formulada por D.Gustavo Castellano en nome e representación de Pazo de Laia*

*Vistos os informes de Secretaría e Intervención, e unha vez examinada a documentación achegada á solicitude, proponho o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos.*

**PRIMEIRO.** *Que se declare o proxecto de Pazo de Lai . Resort. Spa como proxecto de especial interés ou utilidade municipal.*

**SEGUNDO.-** *Que se lle recoñeza o referido proxecto a bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras por entendermos debidamente xustificada a causa do beneficio, segundo o disposto na Ordenanza fiscal do dito imposto aprobada polo Concello o día 10 de xullo de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm.216, do día 19 de setembro de 2014 , amparada no artigo 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

**TERCEIRO.** *Que se lle notifique esta resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”*

O Sr. Alcalde expón que se trata dun proxecto de rehabilitación do Pazo de Laia coa finalidade de abrir un establecemento hoteleiro de luxo. Afirmar que a inversión prevista polos promotores ascende a case 3.000.000,00 millóns de euros e no plan de negocios presentado no Concello, teñen previsto xenerar 17 postos de traballo directos e 50 postos de traballo indirectos. Considera que este proxecto é unha inversión importante para o Concello de Palas de Rei que debe ser merecedora da catalogación de proxecto de especial interés ou utilidade municipal non só polo aspecto económico senón tamén porque conleva a rehabilitación dun espazo de interés arquitectónico e





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

paisaxístico. Por último, o Sr. Alcalde informa ós concelleiros que teñen á súa disposición ó proxecto nas dependencias municipais.

O Sr. Rouco Ferro afirma que, en principio, non lle parece mal pero sempre e cando o Concello vele polo efectivo cumprimento da creación dos postos de traballo con carácter previo a establecer a bonificación do ICIO que esté contemplada na ordenanza municipal. O Sr. Rouco sinala que, se mal non recorda, a ordenanza establece que se tiña que crear 25 postos de traballo para que se faga a bonificación da cuota do ICIO e considera que iso se debe controlar. Por último, sinala que o seu grupo municipal está a favor de todas as medidas que, como esta, fomenta a creación de emprego no Concello de Palas de Rei.

O Sr. Pensado quere, en primeiro lugar, felicitar ó Sr. Alcalde no sentido de que non hai día que non pase algo importante para o Concello de Palas de Rei e ademais non se trata de aspectos negativos, como notas de prensa ou como a xudicialización da vida municipal ou con actitudes moi pouco consecuentes coa realidade municipal, senón que afortunadamente pasan cousas positivas e productivas para o municipio e iso pasa porque o traballo se fai ben por parte do equipo de goberno. Afirma que como consecuencia do bo traballo e de que en Palas de Rei hai futuro existe xente privada, como os promotores do Pazo de Laia, que van invertir máis de 4 millóns de euros ou empresarios como D. Alfredo Núñez que adquiren un antigo pazo ( Pazo de Doña Urraca ) e unha serie de casas señoriais para proceder a súa rehabilitación ou empresas como Gym Sports ou García Baquera que elixen Palas de Rei como centro dunha sede das súas respectivas empresas ou Administracións Públicas como a Xunta de Galicia que invirten case 6 millóns de euros para adquirir un BIC como é o Castelo de Pambre ou que fan infraestructuras tan importantes como a autovía Lugo- Santiago que pasa a carón do municipio de Palas de Rei e no que participaron diferentes ideoloxías. En definitiva, o Sr. Pensado conclúe que algo se debe estar a facer ben en Palas de Rei. Por último o Sr. Pensado quere destacar que, a pesar de que fai case 7 anos foi declarado como municipio de promoción económica dentro da comarca da Ulloa a Monterroso, dentro do contorno da comarca da Ulloa nos últimos anos non hai un proxecto que sexa productivo que non leve o nome de Palas de Rei e existe nos últimos ano un aumento moi considerable de concesión de numerosas licenzas de obras tanto no aspecto cuantitativo como no aspecto de ingresos económicos derivados das mesmas, e iso é un claro síntoma de que as cousas se están a facer moi ben no Concello.

Por outro lado, o Sr. Pensado quere sinalar que na actualidade nos encontramos nun momento onde todos os veciños e todos os concelleiros de Palas de Rei, con independencia da nosa ideoloxía temos que traballar na mesma dirección xa que nos estamos xogando o futuro e o futuro pasa por potenciar a política de vivenda no municipio coa finalidade de aumentar a poboación do municipio e por tomar medidas que axuden a fixar poboación, medidas como por exemplo a declaración de municipio turístico que é moi importante aínda que haxa xente que non lla outorgou. Neste mesmo







CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdere1.com

sentido, o Sr. Pensado afirma que, se se segue na mesma línea de traballo, non se tardará moito tempo en conseguir que o noso Concello teña máis de 5.000 habitantes e que se poida considerar como unha cidade dormitorio do Concello de Lugo e que asimismo sexa considerado o centro de traballo de toda a Comarca da Ulloa.

Asimesmo, o Sr. Pensado invita á oposición a que sexan constructivos nas súas intervencións e a que recoñezan as cousas que se están a facer ben no Concello xa que vai ir en beneficio de todo o pobo de Palas de Rei e iso vai facilitar a consecución dos anteriores obxectivos.

Por último, o Sr. Pensado afirma que fai uns poucos anos sería impensable, entre outras cousas, que un inversor extranxeiro invirta nun pazo do Concello de Palas de Rei case 4 millóns de euros, que dende Palas de Rei se tarde 16 minutos en chegar ó Hospital de Lugo ou que dentro de poucos anos se vai chegar a Santiago en 28 minutos dende Palas e todo isto é para sentirse orgulloso do noso municipio.

O Sr. López Bruzos, en contestación ó Sr. Pensado, afirma que él ten a ilusión de que, tal vez en 10 anos, poida chegar a Santiago nese tempo que di o Sr. Pensado porque ó ritmo das obras é moi lento, máis ou menos a kilómetro e medio ou dous kilometros ó ano. Tamén afirma que lle parece sorprendente que para inaugurar 12 kilometros veñan a Palas de Rei o Presidente do Goberno e a Ministra de Fomento.

O Sr. Rouco Ferro, en relación coa recente inauguración dun trazado da autovía Lugo- Santiago, quere mostrar ó enfado do seu grupo polas formas empregadas polo Sr. Alcalde para proceder á invitación dos membros do seu grupo xa que considera que o escrito enviado non cumpre coas formas mínimas esixibles.

O Sr. Alcalde responde que as formas foron as mesmas para todos os concelleiros aquí presentes e que polo tanto, non se ten que sentir discriminados.

Por último o Sr. Alcalde engade, en relación co avance económico que rexistrou Palas de Rei nos últimos anos, que según datos do Instituto Galego de Estadística, en termos de renda per cápita o Concello de Palas de Rei ocupou no ano 2014 o primeiro lugar no partido xudicial de Chantada, mentres que no ano 2007 ocupaba o sexto lugar. Considera que este dato confirma que algo se debe a estar a facer ben nos últimos anos.

Ante a ausencia de máis debate, o Pleno, cos votos a favor dos 7 concelleiros do PP e coa abstención dos 4 concelleiros do PSG-PSOE, e por tanto por maioría absoluta dos membros presentes no Pleno, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Que se declare o proxecto de Pazo de Laia Resort, Spa como proxecto de especial interés ou utilidade municipal.

**SEGUNDO.-** Que se lle recoñeza o referido proxecto a bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras por entendermos debidamente xustificada a





causa do beneficio, segundo o disposto na Ordenanza fiscal do dito imposto aprobada polo Concello o día 10 de xullo de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm.216, do día 19 de setembro de 2014 , amparada no artigo 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**TERCEIRO.** Que se lle notifique esta resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

### **PUNTO QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Alcalde, en primeiro lugar, vai a responder as preguntas do anterior pleno ordinario.

Na sesión ordinaria do 10 de setembro fixéronse as seguintes preguntas: *“O día 26 de agosto do ano 2015 apareceu na prensa que un traballador do Concello de Palas de Rei tivera un accidente laboral en Ponterroxá. En relación con este feito o grupo socialista quería saber se foi un alumno do curso medioambiental ou se foi un traballador do Concello. Tamén quere preguntar quen é o responsable do mencionado curso medioambiental, quen imparte o curso, quen é a persoa responsable das medidas de seguridade que se toman neste curso, con qué empresa se teñen contratadas as medidas de seguridade do curso, quen é o organismo responsable da impartición deste curso, quen é o responsable encargado de verificar que as medidas de seguridade se cumpran, quen é o monitor deste curso, cantos equipos da EPI temos no Concello de Palas de Rei e con qué empresa temos contratado a prevención de riscos laborais; En relación coa compra dunha carpa, o grupo socialista quere saber cantos cartos de fondos propios pon o Concello para a adquisición desta carpa.”*

O Sr. Alcalde responde o seguinte:

- 1.- Que o Concello de Palas de Rei non ten un curso medioambiental senón que o que ten é un curso de formación dual, que ten unha vertente medioambiental e outra vertente de xardinería;
- 2.- Que o traballador que tivo o accidente laboral foi un dos alumnos deste curso; que o
- 3.- Que a persoa que imparte o curso é o monitor que lle toca en cada momento, e os monitores do curso son D. Diego Fernández Bustillo, D. Abel Pérez Corral, D. Francisco Soriano, sendo o último responsable do curso o propio Sr. Alcalde;
- 4.- Que a empresa que se encarga das medidas de seguridade do curso e a mesma empresa que imparte o curso, que é Estudos Homologados Norte.





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

- 5.- Que o organismo responsable da impartición deste curso é o Concello de Palas de Rei, que o executa a través dunha xestión indirecta a través dunha empresa.
- 6.- A Xunta de Galicia é a encargada de verificar que as medidas de seguridade se cumbran.
- 7.- Cada alumno do curso ten o seu equipo da EPI xa que cando ditos cursos son subvencionados é obrigatorio que cada alumno teña o seu propio equipo e isto é obxecto de revisión pola Consellería que sexa competente pola materia.
- 8.- Que a prevención de riscos laborais está contratada coa empresa Norprevención.
- 9.- Que a través dunha subvención para os mercados tradicionais neste ano 2015, se adquiriron non unha carpa senón 4 carpas ademais de outros equipamentos varios como contenedores ou recipientes para xestionar os residuos sólidos urbáns que se producen nas feiras ou uns sinaladores para que se poidan anunciar os comercios e negocios polo municipio. O orzamento xeral deste proxecto ascende a 41.000,00 aproximadamente, dos cales son subvencionados a través da Consellería de Industria da Xunta de Galicia un importe aproximado de 29.000,00 euros. Por tanto, o Concello aporta 12.000,00 euros neste proxecto.

O Sr. Alcalde pregunta ós membros do pleno se teñen algún rogo ou pregunta que formular.

O Sr. Rouco Ferro entrega por escrito as seguintes preguntas do Grupo Socialista que de seguido o Sr. Alcalde pasa a ler.

1.- Cal foi o grao de participación , medios económicos, materiais e humanos que empregou ou ten comprometidos o Concello na campaña de normalización lingüística dentro da Rede de Dinamización Lingüística de promoción do uso do galego, denominada “ Terras de Melide e A Ulloa. Antes e agora en galego? Cal é o grado de execución do proxecto neste momento e cal é a súa previsión de influencia? ( Pregunta formulada por D. José Ramón López Bruzos, concelleiro do PSG-PSOE ).

2.- En canto ás función do Axente de Policía Local , realiza as función do servizo de taxi para os desprazamentos dos técnicos ou auxiliares municipais? Cubre os desprazamentos dos asistentes ao centro da terceira idade ou centro de día? Segundo as afirmacións feitas en sesión plenaria polo voceiro do grupo de goberno, en qué medida se estima que é equiparable economicamente para o Concello de Palas de Rei o mantemento deste funcionario de policía ao do actual alcalde? ( Pregunta formulada por D. Horacio Rouco Ferro, portavoz do PSG-PSOE ).





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasderei.com

3.- Polo que respecta ao Centro Comarcal, cal é a situación actual de conservación, actividades periódicas que se levan a cabo nel, o custo anual de mantemento para este Concello e a previsión de uso? ( Pregunta formulada por D. Sabino Prieto Vázquez, concelleiro do PSG-PSOE ).

4.- Con qué instalación e medios humanos conta o Centro de Información á muller? Isto é: persoal técnico, titulación e persoa responsable, custo anual ( previsión de gastos ) e proxecto de funcionamento? Deste xeito, en qué consistiron as últimas obras executadas, cal foi a súa contía, cales foron as achegas e axudas de organismos e institucións, así como o investimento do Concello de Palas de Rei? A cantas persoas presta o seu servizo periódicamente e cantas foron as persoas atendidas no último ano? ( Pregunta formulada por Dona Noelia Vázquez Paredes, concelleira do PSG-PSOE ).

5.- Quen é a persoa ou persoas responsables da organización, arquivo, atención ao público e da biblioteca municipal de Palas de Rei? Cal é a titulación que habilita a esta persoa ou persoas para realizar esta tarefa? Cal é o grao de actualización dos seus servizos? Canto custa anualmente ao Concello a xestión, mantemento de apertura ao público desta biblioteca, incluído o gasto en persoal e material funxible? Cal é o número de préstamos que rexistrou no que vai de ano en curso? Contén o actual edificio todos os fondos bibliográficos cos que conta esta Institución? Se é o caso, onde están depositados ou almacenados os fondos restantes? Cal é o número de volumes, vídeos, revistas que ten inventariados por medios informáticos e telemáticos? Segue formando parte activa e efectiva da “Rede de Bibliotecas de Galicia”? ( Pregunta formulada por D. Horacio Rouco Ferro, portavoz do PSG-PSOE ).

O Grupo Municipal do PSG-PSOE do Concello de Palas de Rei quere presentar unha queixa formal polo tema da inauguración do tramo da Autovía Lugo- Santiago.

Neste sentido, o Sr. Rouco Ferro, como portavoz e en representación de todo o grupo municipal PSG-PSOE, quere que se faga constar na acta do pleno o feito de que a unha persoa que naceu en Palas, que foi deputado, que foi Ministro de Fomento e que, ademáis, foi a persoa que máis fixo porque se fixera esta autovía, non se lle cursara a debida invitación para acudir ó acto de inauguración da Autovía. O Sr. Rouco afirma que D. José Blanco foi a persoa que máis fixo para que esta autovía sexa hoxe realidade en Palas de Rei e lle parece unha absoluta vergonza que non se lle invitara á inauguración. Ademáis afirma que, sen embargo, sí que viu á inauguración o Sr. Presidente do Goberno de España, o cal en 4 anos de goberno foi incapaz de contratar os dous tramos da autovía que faltaban sen contratar e que se van a ter que contratar polo próximo Presidente do Goberno que, por suposto, será diferente ó actual.





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982390001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

En contestación a esta queixa, o Sr. Alcalde recórdalle ó grupo municipal do PSG-PSOE, que cando a responsabilidade de invitar a actos de inauguración recae sobre o propio Concello, como foi o caso do Cuartel da Garda Civil, o Sr. Don José Blanco foi invitado. En todo caso, o Sr. Alcalde quere agradecer de maneira pública ó Sr. Presidente do Goberno que tivera ó detalle de acudir a Palas de Rei xa que foi á primeira inauguración á que él asistiu persoalmente e ademais esta visita supuxo tamén o espaldarazo definitivo para outra infraestrutura moi importante, como é a carretera que une Friol con Palas de Rei, concretamente co pobo de Filgueira e nesa mesma reunión, tamén se solicitou ó Presidente da Deputación a necesidade de que a Deputación mellore os accesos desa carretera para poder conectala co pobo e coa autovía A-8 e coa A-6 no tramo que circula dende Friol ata Begonte. Por último tamén afirma que nese mesmo día, o Sr. Alcalde tivo unha reunión cos alcaldes de Friol e Begonte e coa Conselleira no que se puxo de manifesto todos estos temas.

O Sr. Rouco Ferro quere recordarlle ó Sr. Alcalde que no tema da carretera que une Friol con Palas de Rei xa na anterior lexislatura ou incluso na lexislatura 2007-2011, o grupo municipal socialista puxera unha moción solicitando o arranxo desa carretera e sinala que a titularidade desa carretera non é estatal senón que é de titularidade autonómica. Tamén reitera o seu desexo de que esa carretera sexa arranxada porque se trata dunha infraestrutura moi necesaria e que vertebra Galicia xa que vai dende Viveiro a O Incio. Por último, o Sr. Rouco, en relación coa non invitación do Sr. D. José Blanco á inauguración da autovía, solicita do Concello de Palas de Rei que se envíe unha queixa formal o Ministerio de Fomento ou ben a través da Dirección Provincial en Lugo ou a través da Dirección Territorial de Galicia.

O Sr. Portavoz do Grupo Popular, o Sr. Pensado afirma que a corporación municipal debía empregar o tempo en cousas moito máis importantes, e pon, como exemplo, un tema que considera trascendental e que hai que tratar entre todos, como é o feito de saber cómo se vai a facer e por onde se vai a facer a conexión da Autovía co municipio de Palas de Rei. Neste sentido, o Sr. Pensado considera que isto é unha cuestión vital para o noso municipio e que non se pode perder o tempo en cuestións secundarias como pode ser quén acude ou non as diferentes inauguracións xa que entraríamos nun debate interminable.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as quince horas e cinco minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fe;

